



NORMAS DE FUNCIONAMENTO E INSCRICIÓN DA ACTIVIDADE PILATES 2017-2018

A actividade Pilates inclúe sesións de esta modalidade de ximnasia dirixido a persoal adulto. As clases teñen unha duración de dúas horas semanais coa existencia de varios grupos en distintas franxas horarias e varios lugares. Prevese que, tendo en conta tódolos grupos e horas, desenrolarase os martes, mércores, xoves e venres, dende o 2 de outubro de 2017 ao 29 de xuño de 2018 (8 meses) no Pavillón Municipal Pablo Herbelo os días martes, xoves e venres; no IES Illa de Ons os mércores e no CEIP A pedra os mércores e os venres.

- A inscrición contará dun primeiro prazo que se estende do 22 de maio ao 9 de xuño de 2017 destinado a aqueles usuarios xa inscritos que acudan ás clases con regularidade. Estes usuarios deberán entregar a folia de prescrición cuberta na oficina de deportes situada na rúa Eduardo Vicenti nº 2, 1º andar e realizar o pago da primeira mensuralidade na oficina de recadación na rúa Eduardo Vicenti nº 53, baixo, entregando o xustificante de pago na oficina de deportes. O prazo de pagamento será do 1 ó 15 setembro do 2017.
- A inscrición contará dun segundo prazo que se estende do 1 ó 15 de setembro de 2017 para aqueles usuarios que non se encontren na situación descrita no punto anterior; este prazo queda suxeito á dispoñibilidade de prazas vacantes do primeiro prazo. Os usuarios poderán recoller a folia de inscrición na oficina de deportes e entregala no Rexistro Xeral do Concello. Unha vez recibida a confirmación de admisión no curso procederán ao seu pagamento no período do 18 ao 22 de setembro de 2017 no mesmo xeito descrito no punto anterior facendo efectiva así a súa inscrición.
- Unha vez cubertas todas as prazas procederase á creación dunha listaxe de espera segundo a orde de chegada das inscricións. Só se poderán dar de alta persoas en aqueles grupos nos cales se produzan baixas definitivas ou suspensións temporais por enfermidade. Para intentar obstaculizar o menos posible o desenvolvemento das clases, as novas altas incorporaranse a principio de mes.
- Os criterios de admisión serán os seguintes:
 - Ter asistido ás clases en anos anteriores e estar empadroadado/a no concello de Bueu
 - Ter asistido ás clases en anos anteriores e NON estar empadroadado no concello de Bueu
 - Non ter asistido nunca ás clases en anos anteriores e estar empadroadado/a no concello de Bueu
 - Non ter asistido nunca ás clases en anos anteriores e NON estar empadroadado no concello de Bueu
- A actividade comezará o 2 de outubro de 2017 e rematará o 29 de xuño de 2018
- O alumnado poderá inscribirse nun dos distintos grupos que se ofertan cunha determinada franxa horaria e lugar de realización das sesións.



- En total ofértanse 140 prazas distribuídas do seguinte xeito:

HORA	LUGAR	DÍAS
10:00	Pavillón Pablo Herbello	Martes e xoves
11:00	Pavillón Pablo Herbello	Martes e xoves
12:00	Pavillón Pablo Herbello	Martes e xoves
16:00	IES Illa de Ons Aula 25 Pavillón	Mércores Venres
17:00	IES Illa de Ons Aula 25 Pavillón	Mércores Venres
18:00	CEIP A Pedra	Mércores e venres
19:00	CEIP A Pedra	Mércores e venres

- Debido á demanda de prazas poderase dar de baixa na actividades ós usuarios nos seguintes casos:
 - ENFERMIDADE: Só se admite a reserva de praza en caso de enfermidade (con xustificante médico) que non superen o mes e medio.
 - FALTAS INXUSTIFICADAS: Cando o número de faltas inxustificadas supere o número de 4 nun mes será motivo de baixa automática na actividade.
 - POR PRESCRICIÓN MÉDICA: poderán ser dados de baixa aqueles usuarios que por problemas de saúde se lles sexa contraindicada a realización da actividade.
 - POR NON ABOAR O PREZO PÚBLICO: nos prazos establecidos.
 - POR RENUNCIA VOLUNTARIA cumprimentando obrigatoriamente o impreso de baixa dispoñible na oficina de deportes e páxina web do concello de Bueu; e entregalo no Rexistro Xeral do Concello.
- A actividade terá un prezo de 10 € mensuais que se poderán aboar de dous xeitos:
 - Domiciliación bancaria: Efectuando o primeiro pago na oficina de recadación do Concello situado na rúa Eduardo Vicenti nº 53, baixo.
 - Pago único: Efectuando o pago na oficina de recadación e entregando o xustificante de pago na oficina de deportes. En caso de ser dado de baixa na actividade non se devolverá o prezo público.
- Unicamente procederase a devolución do prezo público nos seguintes casos, de acordo coa ordenanza non fiscal Nº1. Reguladora do prezo público pola organización de curso, obradoiros, programas e actividades deportivas, sociais, festivas e culturais polo concello de Bueu.
 - Anulación da actividade por causa imputada á administración.
 - Cando o interesado notifique por escrito ó Concello a anulación da súa inscrición con anterioridade o remate do prazo establecido para a inscrición na concorrente actividade no acordo de aprobación da mesma.
- Calquera reclamación, anomalía que detecte o usuario, ou suxestión que crea oportuna debe de presentarse por escrito cubrindo o modelo oficial dispoñible na oficina de deportes ou páxina web do concello.
- En caso de anulación ou suspensións das clases o usuario será avisado a través do teléfono de contacto presentado na folla de inscrición.



- Os datos persoais será de uso exclusivo da concellería de deportes, así como o dereito de imaxe. Podendo acceder en todo momento as persoas inscritas ós seus datos persoais para modificalos ou revocar de dereito se así o desexa.
- Será obrigatorio o uso de calzado distinto ó da rúa.
- Os horarios poden sufrir modificacións durante o curso dependendo das circunstancias (instalacións, inscricións...).
- O feito de inscribirse na actividade supón a aceptación das súas normas. Estas normas poden modificarse durante o curso para a mellora do seu desenvolvemento.